

SoildiverAgro project

Adopción de novas técnicas de xestión para aumentar a produción e a calidade dos cultivos



O QUE E O PORQUÉ

Modelos para predicir o Mildiu: unha estratexia sostible para reducir o emprego de funxicidas no cultivo da pataca

O Mildiu (*Phytophthora infestans*) é a enfermidade máis destrutiva a nivel mundial que afecta ó cultivo da pataca. O seu control baséase na aplicación de funxicidas seguindo calendarios preestablecidos. Con todo, nos últimos anos a Comisión Europea aprobou o Pacto Verde Europeo e a estratexia “Da granxa á mesa” cuxo obxectivo é reducir nun 50% o uso de pesticidas para 2030. Neste sentido, o obxectivo desta investigación foi aplicar un modelo de predición no cultivo de pataca na Limia (NO-España) co obxectivo de controlar o Mildiu co mínimo uso de funxicidas tendo en conta variables meteorolóxicas. A variedade Kennebec plantouse en tres subparcelas denominadas Control (sen funxicidas), convencional (con aplicacións cada 7-10 días,) e sistema de aviso (segundo o modelo NegFry (Ullrich & Schrödter, 1966 e Fry et al., 1983, Hansen et al., 1995). Para iso instalouse

unha estación. Tamén se observou semanalmente o progreso da enfermidade e calculouse o r-AUDPC segundo Fry (1978). No ano 2021 e 2022, aplicáronse 6 e 7 tratamentos funxicidas na subparcela de convencional mentres que na subparcela do sistema de aviso foron 3 en ambos os anos e ningún na subparcela control. En canto ao dano causado por *P.infestans*, este foi do 0% e 1% en 2021 e 2022 respectivamente na parcela convencional e do 1% en ambos os anos na parcela tratada segundo o sistema de aviso. Pola contra, a parcela control chegou a un 47.5% de enfermidade en 2021 mentres que en 2022 foi do 1%. Á vista dos resultados obtidos, apostar polos modelos de predición para o control do Mildiu pode ser unha estratexia útil e rendible para os agricultores e respectuosa e sostible para o medio e os sistemas agrícolas actuais e futuros.



1. Na imaxe poden observarse as tres subparcelas consideradas para o estudo: Control (sen funxicidas); Rutina (funxicidas aplicados cada 7 días), e a parcela tratada seguindo un Sistema de Axuda á toma de Decisións.

PALABRAS CHAVE

Solanum tuberosum, *Phytophthora infestans*, Sistema de axuda á toma de Decisións, manexo sostible

AUTORES

Laura Meno Fariñas, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.

Olga Escuredo Pérez, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.

Carmen Seijo Coello, Universidade de Vigo (UVigo), Vigo, España.



This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement No 817819

This factsheet is produced as part of the SoildiverAgro project. Although the author has worked on the best information available, neither the author nor the EU shall in any event be liable for any loss, damage or injury incurred directly or indirectly in relation to the project.